

**INFORME DE VALORACIÓN DE MOSTRAS LICITACIÓN 2024/CONTRAT/000018 - ADQUISICIÓN DE VESTIARIO PARA A POLICÍA LOCAL E O SERVIZO DE EMERXENCIAS E PROTECCIÓN CIVIL (SMEPC) E SALVAMENTO E SOCORRISMO**

Logo da celebración da mesa de contratación do día 07.04.2022, se solicita informe do Comité de expertos nomeado ao efecto, para a valoración mediante a presentación de mostras dos distintos lotes e sublotos obxecto desta contratación.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

<b>CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN SUXEITOS A AVALIACIÓN PREVIA</b>		
<b>CRITERIO</b>	<b>DESCRIPCIÓN</b>	<b>PONDERACIÓN</b>
<b>AVALIACIÓN DE MOSTRAS PRESENTADAS</b>	<p>As mostras presentadas serán avaliadas segundo os seguintes criterios:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li><b>1. Adaptación á normativa vixente:</b> este criterio suporá a calificación do produto como apto ou non apto. No caso de declararse non apto o produto, a oferta puntuarase con 0,00 puntos e non procederá analizar o resto de criterios.</li> <li><b>2. Calidade do tecido/materia prima (25,00 puntos).</b> En relación coa calidade do tecido ou materia prima, avaliaranse de maneira global a resistencia, densidade e elasticidade.               <ol style="list-style-type: none"> <li>a. Cúmprense as esixencias mínimas para que a prenda/elemento dea cobertura ás necesidades detectadas: 0,00 puntos</li> <li>b. A prenda/elemento mellora as características mínimas esixidas: 12,50 puntos</li> <li>c. A prenda/elemento é idónea para a realización dos traballos que se lle presupoñen, superando amplamente esixidos nos pregos: 25,00 puntos</li> </ol> </li> <li><b>3. Calidade de remates, costuras, cortes e estrutura da peza (25,00 puntos).</b> Avaliarase a resistencia e ergonomía das prenda/elementos, puntuando no seguinte sentido:               <ol style="list-style-type: none"> <li>a. Cúmprense as esixencias mínimas para que a prenda/elemento dea cobertura ás necesidades detectadas: 0,00 puntos</li> <li>b. A prenda/elemento mellora as características mínimas esixidas: 12,50 puntos</li> <li>c. A prenda/elemento é idónea para a realización dos traballos que se lle presupoñen, superando amplamente esixidos nos pregos: 25,00 puntos</li> </ol> </li> <li><b>4. Calidade das serigrafías (10,00 puntos).</b> Avaliarase a calidade da impresión, así como a súa durabilidade, puntuando no seguinte sentido:               <ol style="list-style-type: none"> <li>a. Cúmprense as esixencias mínimas para que a prenda/elemento dea cobertura ás necesidades detectadas: 0,00 puntos</li> <li>b. A prenda/elemento mellora as características mínimas esixidas: 5,00 puntos</li> <li>c. A prenda/elemento é idónea para a realización dos traballos que se lle presupoñen, superando amplamente esixidos nos pregos: 10,00 puntos</li> </ol> </li> <li><b>5. Adaptación ás necesidades de cada posto de traballo (20,00 puntos).</b> Valorarase a adaptación das prendas ás funcións e finalidades que se lle presupoñen, primando que outorguen comodidade para a realización dos traballos e a maior protección posible</li> </ol>	<b>80,00 PUNTOS</b>



	<p>aos traballadores e traballadoras.</p> <p>a. Cómprense as esixencias mínimas para que a prenda/elemento dea cobertura ás necesidades detectadas: 0,00 puntos</p> <p>b. A prenda/elemento mellora as características mínimas esixidas: 10,00 puntos</p> <p>c. A prenda/elemento é idónea para a realización dos traballos que se lle presupoñen, superando amplamente os criterios esixidos nos pregos: 20,00 puntos</p> <p>Para realizar esta valoración, as empresas que se presenten a cada un dos lotes deberán de entregar mostras de todas as prendas incluídas en cada sublote, presentándoas no Rexistro Xeral do Concello de Oleiros nunha caixa pechada e identificada como sobre 1 do proceso de licitación, e facendo referencia ao lote e sublote do que forman parte as mostras que se inclúan na caixa. Unha vez publicada a adxudicación do contrato, poderán solicitar por escrito a súa devolución, que serán entregadas previa sinatura dunha dilixencia de entrega. No caso do adxudicatario, non poderá solicitar a devolución das súas mostras ata que se realice a entrega dos produtos que ten que subministrar e se cumpra o prazo de garantía do contrato. A caixa coas mostras deberá vir etiquetada cos seguintes datos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificación da licitación á que se presenta (número do expediente e denominación)</li> <li>• Lote ao que se refire e mención a que se trata das mostras solicitadas no sobre 1 da licitación, indicando tamén o sublote.</li> <li>• Nome da empresa que presenta a oferta e CIF.</li> </ul> <p>A data límite para a recepción das mostras no Rexistro Xeral do Concello de Oleiros (praza de Galicia nº 1 - 15713 Oleiros (A Coruña) será ás 14:00 horas do último día do prazo para presentar ofertas á licitación, non sendo responsable o Concello de Oleiros dos retrasos que poidan xurdir no caso de utilizar axencias de transporte ou outros medios de envío.</p> <p>A non presentación das mostras no prazo esixido suporá a exclusión da licitación da empresa licitadora.</p>	
<b>TOTAL</b>		<b>80,00 PUNTOS</b>

## METODOLOXÍA DE AVALIACIÓN

Tendo en conta os criterios aplicables, o comité de expertos decide valorar cada unha das prendas de cada lote/sublote consonte ás directrices anteriores, e outorgar ao lote/sublote a puntuación media que se obteña nas valoracións de cada unha das prendas que o formen. A valoración outórgase mediante a inspección e análise das mostras presentadas por parte dos membros do comité de expertos.

Ademais, para o caso de prendas nas que non se precise serigrafía, outórgase en todo caso a puntuación máxima neste apartado, evitando así prexudicar aos licitadores/as que, ao ter que chegar ao 50% da puntuación para que a oferta non sexa excluída, poderían verse fóra do concurso pola aplicación deste criterio.



## VALORACIÓN DAS MOSTRAS

Deste xeito, o Comité de expertos, de xeito colexiado e unánime achega as seguintes conclusións:

### LOTE 1: POLICIA LOCAL

As mostras presentadas no lote son avaliadas segundo os criterios de adxudicación suxeitos a avaliación previa:

LOTE 1	PUNTUACIÓN PEYCAR					
	1	2	3	4	5	TOTAL
BOTA DE INVERNO	APTO	12,5	12,5	10	10	45
BOTÍN DEPORTIVO	APTO	12,5	12,5	10	10	45
GORRA TIPO BEISBOL	APTO	12,5	12,5	5	10	40
POLO MANGA CURTA	APTO	12,5	12,5	10	20	55
POLO MANGA LONGA	APTO	12,5	12,5	10	20	55
CAMISETA TÉRMICA	APTO	12,5	12,5	10	10	45
XERSEI POLAR	APTO	25	12,5	10	20	67,5
CHALECO REFLECTANTE	APTO	12,5	12,5	10	10	45
CHAQUETÓN	APTO	12,5	12,5	10	20	55
PANTALÓN	APTO	12,5	12,5	10	10	45
CINTO	APTO	12,5	12,5	10	10	45
CUBREPANTALÓN	APTO	12,5	12,5	10	10	45
QUENTAPESCOZO	APTO	25	12,5	10	10	57,5
LUVAS	APTO	25	12,5	10	10	57,5
CARNET IDENTIFICADOR	APTO	12,5	12,5	10	10	45
CARTEIRA PORTA TARXETA	APTO	12,5	12,5	10	10	45
GALONEIRA	APTO	12,5	12,5	10	10	45
PLACA-EMBLEMA	APTO	12,5	12,5	10	10	45
<b>MEDIA VALORACIÓNS E PUNTUACIÓN</b>		14,58	12,5	9,72	12,2	49,03

As mostras presentadas pola empresa PEYCAR S.L. adáptanse a normativa vixente, sendo idóneas para a realización dos traballos que se lle presupoñen, mellorando as características mínimas esixidas en canto a calidade do tecido, materia prima, remates, costuras, cortes e estrutura da peza. As mostras presentan características de adaptación ao posto de traballo en canto a comodidade e morfoloxía do usuario.

En canto ao quentapescozo, luvas e xerse polar a puntuación e a máxima por, no caso do primeiro presenta un tratamento repelente a auga e resistencia ao vento. No caso do segundo, presenta unha maior lonxitude que tapa a boneca e unha palma antiesvarante e presentan uns ganchos para levalos aparellados. No caso do terceiro a súa feitura adaptase perfectamente ao corpo impedindo a perda de



calor e o sistema de ancoraxe das galoneiras e de facil suxeición. Presenta reforzos nos antebrazos e un peto frontal corrido de aperturas laterais con cremalleira.

En canto a serigrafía indicar que as pezas que non levan non se fai valoración neste senso, outorgando 10 puntos para evitar prexudicar aos licitadores, e de conformidade co establecido na metodoloxía da valoración. Estas pezas son botas de inverno, botín deportivo, cinto, cubrepantalón, quentapescozo, luvás, carne identificador, carteira porta tarxeta, galoneira e placa emblema.

	PUNTUACIÓN GALICOM					
	1	2	3	4	5	TOTAL
BOTA DE INVERNO	NON APTO					0
BOTÍN DEPORTIVO	NON APTO					0
GORRA TIPO BEISBOL	APTO	12,5	12,5	5	10	40
POLO MANGA CURTA	APTO	12,5	0	5	10	27,5
POLO MANGA LONGA	NON APTO					0
CAMISETA TÉRMICA	APTO	12,5	12,5	10	10	45
XERSEI POLAR	APTO	12,5	0	5	0	17,5
CHALECO REFLECTANTE	APTO	12,5	12,5	10	10	45
CHAQUETÓN	APTO	0	0	5	0	5
PANTALÓN	APTO	0	0	10	0	10
CINTO	APTO	12,5	12,5	10	10	45
CUBREPANTALÓN	APTO	0	0	10	0	10
QUENTAPESCOZO	APTO	12,5	12,5	10	10	45
LUVAS	APTO	12,5	12,5	10	10	45
CARNET IDENTIFICADOR	APTO	12,5	12,5	10	10	45
CARTEIRA PORTA TARXETA	APTO	12,5	12,5	10	10	45
GALONEIRA	APTO	12,5	12,5	10	10	45
PLACA-EMBLEMA	APTO	12,5	12,5	10	10	45
<b>MEDIA VALORACIÓN E PUNTUACIÓN</b>		8,333	6,94	7,22	6,11	28,61

As mostrás presentadas pola empresa GALICOM non se adaptan en tódolos casos a normativa vixente.

No caso da bota de inverno presenta unha mostra que non se adapta as condicións requiridas no prego de prescricións técnicas ao non ter unha superficie de cordura. Non presenta mostra de botín deportivo e de polo de manga longa.

O resto de mostrás presentadas adáptanse a normativa vixente, sendo aptas para a realización dos traballos que se lle presupoñen, cumprindo as características mínimas esixidas en canto a calidade do tecido e materia prima.

En canto aos remates, costuras, cortes, estrutura da peza e adaptación ás necesidades do posto de traballo, o xersei polar presenta unha cintura e puños elásticos con pouca resistencia ao seu uso, unha escasa adaptación ao corpo o que non permite a contención da calor corporal. O chaquetón presenta un pescozo de dobre capa demasiado avultado, prenda moi pesada e voluminosa, con cremalleiras laterais demasiado curtas, o que non facilita o acceso ao material portado no cinto e o sistema de suxeición a cintura e exterior o que supón unha inseguridade operativa. O pantalón presenta unhas trabillas de



corchete que co seu uso poden desprenderse rachando a superficie da tea, non leva cinturilla antiescorregante e a súa textura e demasiado fina para tempo frío. O cubrepantalón presenta un tecido de dobre forro moi ríxido e que non presentan uniformidade entre si e cremalleiras laterais curtas. O resto de prendas amosan melloras nas características dos remates costuras, cortes, estrutura da peza e adaptación ás necesidades do posto de traballo.

No referente a serigrafía indicar que as pezas que non levan non se fai valoración neste senso, outorgando 10 puntos para evitar prexudicar aos licitadores, e de conformidade co establecido na metodoloxía da valoración. Estas pezas son botas de inverno, botín deportivo, cinto, cubrepantalón, quentapescozo, lvas, carnet identificador, carteira porta tarxeta, galoneira e placa emblema.

Cómpre indicar que a oferta de GALICOM non acada a puntuación mínima do 50 % de puntos nesta fase I (serían un mínimo de 40 puntos), para poder pasar á seguinte, polo que se propón a súa exclusión de acordo co previsto no apartado 8 do prego regulador da licitación.

## LOTE 2: SMEPC E SALVAMENTO E SOCORRISMO

As mostras presentadas nos diferentes sublotes son avaliadas segundo os criterios de adxudicación suxeitos a avaliación previa:

### Sublote 2.1. Vestiario de parque:

LOTE 2	PUNTUACIÓN PROTEC SOLANA					TOTAL
	1	2	3	4	5	
<b>SUBLOTE 2,1 VESTIARIO PARQUE</b>						
CAMISETA DE PARQUE MANGA CURTA	APTO	12,5	12,5	10	10	45
CAMISETA DE PARQUE MANGA LONGA	APTO	12,5	12,5	10	10	45
PANTALÓN DE PARQUE	APTO	12,5	12,5	10	10	45
CAZADORA POLAR	APTO	12,5	12,5	10	10	45
CAZADORA POLAR ACOLCHADA	APTO	12,5	12,5	10	10	45
<b>MEDIA VALORACIÓNS E PUNTUACIÓN</b>		<b>12,5</b>	<b>12,5</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>45</b>

As mostras presentadas pola empresa PROTEC SOLANA S.L., sendo a única empresa que se presenta, adáptanse a normativa vixente, sendo idóneas para a realización dos traballos que se lle presupoñen, mellorando as características mínimas esixidas en canto a calidade do tecido, materia prima, remates, costuras, cortes e estrutura da peza. As prendas presentan compatibilidade entre si, con alivio nas costuras e adáptanse perfectamente as necesidades do posto de traballo en canto a morfoloxía do usuario.

En canto a serigrafía indicar que non se presenta ningunha mostra serigrafiada para poder valorala, aínda que na ficha técnica presentada, especifícase que a mesma realizaríase conforme ao prego coas modificacións necesarias.

### Sublote 2.2. Calzado:

	PUNTUACIÓN PROTEC SOLANA



<b>SUBLOTE 2. CALZADO</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>5</b>	<b>TOTAL</b>
BOTAS INTERVENCIÓN	APTO	12,5	12,5	10	10	45
CALZADO DE PARQUE	APTO	25	12,5	10	10	57,5
<b>MEDIA VALORACIÓNS E PUNTUACIÓN</b>		<b>18,75</b>	<b>12,5</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>51,3</b>

	<b>PUNTUACIÓN PEYCAR</b>					
<b>SUBLOTE 2. CALZADO</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>5</b>	<b>TOTAL</b>
BOTAS INTERVENCIÓN	APTO	12,5	12,5	10	10	45
CALZADO DE PARQUE	APTO	12,5	12,5	10	10	45
<b>MEDIA VALORACIÓNS E PUNTUACIÓN</b>		<b>12,5</b>	<b>12,5</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>45</b>

As mostras presentadas pola empresa PROTEC SOLANA S.L. e pola empresa PEYCAR S.L., adáptanse a normativa vixente, sendo idóneas para a realización dos traballos que se lle presupoñen, mellorando as características mínimas esixidas en canto a calidade do tecido, materia prima, remates, costuras, cortes e estrutura da peza. As mostras presentan características de adaptación ao posto de traballo en canto a comodidade e morfoloxía do usuario.

En canto ao calzado de parque, a empresa PROTEC SOLANA S.L. presenta un modelo superior, que tendo as mesmas características, presenta unha mellora no tecido da punteira, contando a mostra con protección de efecto caucho, mais resistente ao desgaste e mellor para o seu mantemento e limpeza. O conxunto desta peza presenta ademais maior homoxeneidade na cor no seu conxunto co resto da uniformidade.

En canto a serigrafía indicar que este tipo de pezas non levan serigrafía polo que non se fai valoración neste senso, outorgando 10 puntos para evitar prexudicar aos licitadores, e de conformidade co establecido na metodoloxía da valoración.

### Sublote 2.3. Vestiario de intervención:

	<b>PUNTUACIÓN PROTEC SOLANA</b>					
<b>SUBLOTE 3. VESTIARIO DE INTERVENCIÓN</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>5</b>	<b>TOTAL</b>
VADEADOR	APTO	12,5	12,5	10	10	45
CAZADORA DE RESCATE TÉCNICO	APTO	12,5	12,5	10	10	45
PANTALÓN DE RESCATE TÉCNICO	APTO	12,5	12,5	10	10	45
CAZADORA INCLEMENCIA	APTO	12,5	12,5	10	10	45
PANTALÓN INCLEMENCIA	APTO	12,5	12,5	10	10	45
TRAXE INTERVENCIÓN ESTRUCTURAL	APTO	12,5	12,5	10	10	45
<b>MEDIA VALORACIÓNS E PUNTUACIÓN</b>		<b>12,5</b>	<b>12,5</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>45</b>



As mostras presentadas pola empresa PROTEC SOLANA S.L., sendo a única empresa que se presenta, adáptanse a normativa vixente, sendo idóneas para a realización dos traballos que se lle presupoñen, mellorando as características mínimas esixidas en canto a calidade do tecido, materia prima, remates, costuras, cortes e estrutura das pezas. As prendas presentan compatibilidade entre si, e adáptanse perfectamente as necesidades do posto de traballo en canto a morfoloxía do usuario en tódolos casos.

Todas as mostras compren co especificado no prego e presentan melloras verificadas de adaptación ao posto de traballo.

Todas as mostras presentadas son iguais as que dispoñemos na actualidade polo que estas características atópanse comprobadas.

En canto a serigrafía indicar que non se presenta ningunha mostra serigrafiada para poder valorala, aínda que na ficha técnica presentada, especifícase que a mesma realizaríase conforme ao prego coas modificacións necesarias.

#### Sublote 2.4. Cascos

	PUNTUACIÓN PEYCAR					
<b>SUBLOTE 4. CASCOS</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>5</b>	<b>TOTAL</b>
CASCO INTERVENCIÓN INCENDIOS	APTO	12,5	12,5	10	10	45
CASCO RESCATE TÉCNICO	APTO	12,5	12,5	10	10	45
CASCO RESCATE ACUÁTICO	APTO	12,5	12,5	10	10	45
<b>MEDIA VALORACIÓNS E PUNTUACIÓN</b>		<b>12,5</b>	<b>12,5</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>45</b>

As mostras presentadas pola empresa PEYCAR S.L., sendo a única empresa que se presenta, adáptanse a normativa vixente, sendo idóneas para a realización dos traballos que se lle presupoñen, mellorando as características mínimas esixidas en canto a calidade e estrutura das pezas. Adaptanse perfectamente as necesidades do posto de traballo en canto a morfoloxía do usuario en tódolos casos.

Todas as mostras presentadas son iguais as que dispoñemos na actualidade polo que estas características atópanse comprobadas.

En canto a serigrafía indicar que este tipo de pezas non levan serigrafía polo que outórganse 10 puntos consonte ao establecido na metodoloxía de valoración para evitar prexudicar ás empresas.

#### Sublote 2.5. Luvax

	PUNTUACIÓN PEYCAR					
<b>SUBLOTE 5. LUVAS</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>5</b>	<b>TOTAL</b>
LUVAS PARA OPERACIÓNS TÉCNICAS	APTO	12,5	12,5	10	10	45
LUVAS PARA INTERVENCIÓN	APTO	12,5	12,5	10	10	45
<b>MEDIA VALORACIÓNS E PUNTUACIÓN</b>		<b>12,5</b>	<b>12,5</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>45</b>



As mostras presentadas pola empresa PEYCAR S.L., adáptanse a normativa vixente, sendo idóneas para a realización dos traballos que se lle presupoñen, mellorando as características mínimas esixidas en canto a calidade e estrutura das pezas e adáptanse perfectamente as necesidades do posto de traballo en canto a morfoloxía do usuario en tódolos casos. As mostras das luvas presentadas melloran as características mínimas esixidas en canto a comodidade da prenda e en canto aos reforzos que presentan, así como a visibilidade polas características dos mesmos. En canto ao tecido, presentan unha maior consistencia no conxunto da prenda.

En canto a serigrafía indicar que este tipo de pezas non levan serigrafía polo que non se fai valoración neste senso. Outórganse 10 puntos consonte ao establecido na metodoloxía de valoración para evitar prexudicar ás empresas.

Sublote 2.6. Vestiario da unidade de salvamento e socorrismo:

SUBLOTE 6. VESTIARIO UNIDADE SOCORRISMO	PUNTUACIÓN CAMISETAS ECONÓMICAS					
	1	2	3	4	5	TOTAL
TRAXES DE BAÑO MASCULINOS	APTO	12,5	12,5	10	10	45
TRAXES DE BAÑO FEMENINOS	APTO	12,5	12,5	10	10	45
CAMISETAS PERSOAL SANITARIO	APTO	12,5	12,5	10	10	45
CAMISETAS SOCORRISTAS	APTO	12,5	12,5	10	10	45
CHAQUETAS PERSOAL SANITARIO	APTO	12,5	12,5	10	10	45
CHAQUETAS SOCORRISTAS	APTO	12,5	12,5	10	10	45
PANTALÓNS LONGOS	APTO	12,5	12,5	10	10	45
ESCARPÍNS	APTO	12,5	12,5	10	10	45
LENTE DE SOL	APTO	12,5	12,5	10	10	45
ASUBÍOS	APTO	12,5	12,5	10	10	45
VISEIRAS	APTO	12,5	12,5	10	10	45
GORRO NATACIÓN	APTO	12,5	12,5	10	10	45
<b>MEDIA VALORACIÓNS E PUNTUACIÓN</b>		<b>12,5</b>	<b>12,5</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>45</b>

As mostras presentadas pola empresa CAMISETAS ECONÓMICAS S.L., sendo a única empresa que se presenta, adáptanse a normativa vixente, sendo idóneas para a realización dos traballos que se lle presupoñen, mellorando as características mínimas esixidas en canto a calidade e estrutura das pezas. Adáptanse perfectamente as necesidades do posto de traballo en canto a morfoloxía do usuario en tódolos casos.

Todas as mostras presentadas son iguais as que dispoñemos na actualidade polo que estas características atópanse comprobadas.

En canto a serigrafía indicar que os escafpíns, lentes de sol e asubíos non levan serigrafía polo que outórganse 10 puntos consonte ao establecido na metodoloxía de valoración para evitar prexudicar ás empresas.

**CONCLUSIÓNS**

En vista do anterior, proponse continuar coa avaliación das ofertas puntuadas tendo en conta as puntuacións outorgadas para a fase de avaliación de criterios suxeitos a xuízo de valor. Logo da apertura





do sobre correspondente aos criterios obxectivos, a suma das dúas puntuacións será a que corresponde ter en conta de cara á determinación da oferta que sexa máis vantaxosa en cada un dos lotes e sublotos examinados. Cómpre lembrar a proposición de exclusión da Fase 1 da oferta que fai para o Lote 1 a empresa GALICOM por non chegar ao 50 por cento dos puntos requiridos (28,61 puntos cando é preciso chegar a 40).

Sendo esta a valoración que se fai da FASE 1 (criterios de adxudicación suxeitos á avaliación previa), por parte do Comité de expertos para a avaliación de mostras, emítese en Oleiros na data de sinatura electrónica, asinado polos membros do Comité, sendo estes Iván López Cruz, José Novo Rodríguez e Marcos Veiga Rodríguez.

